

Valores límite de exposición profesional

Nome do axente	Einecs (1)	CAS (2)	Valores límite		Observacións	Medidas transitorias
			mg/m ³ (3)	ppm (4)		
Benceno.	200-753-7	71-43-2	3,25 (5)	1 (5)	Pel (6).	Valor límite: 3 ppm (= 9,75 mg/m) aplicable ata o 27 de xuño de 2003.

(1) Einecs: European Inventory of Existing Chemical substances (Catálogo europeo de substancias químicas comercializadas).

(2) CAS: Chemical Abstract Service Number.

(3) mg/m³: miligramos por metro cúbico de aire a 20 °C e 101,3 KPa (760 mm de mercurio).

(4) ppm: partes por millón en volume de aire (ml/m³).

(5) Medido ou calculado en relación cun período de referencia de oito horas.

(6) Posible contribución importante á carga corporal total por exposición cutánea.

Seis. O texto da disposición derogatoria única substitúese polo seguinte:

«Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto neste real decreto e expresamente os artigos 138 e 139 da Ordenanza xeral de seguridade e hixiene no traballo, aprobada por Orde do 9 de marzo 1971, no relativo ós riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo, así como a Orde do 14 de setembro de 1959 sobre fabricación e emprego de produtos que conteñan benceno e a Resolución do 15 de febreiro de 1977 pola que se actualizan as instrucións complementarias de desenvolvemento da Orde do 14 de setembro de 1959, que regula o emprego de disolventes e outros compostos que conteñan benceno.»

Disposición derradeira única.

Este real decreto entrará en vigor o 27 de xuño de 2000.

Dado en Madrid o 16 de xuño de 2000.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,
MARIANO RAJOY BREY

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE

11469 REAL DECRETO 995/2000, do 2 de xuño, polo que se fixan obxectivos de calidade para determinadas substancias contaminantes e se modifica o Regulamento de dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril. («BOE» 147, do 20-6-2000.)

A Directiva 76/464/CEE, do 4 de maio, imponlles ós estados membros da Unión Europea a obriga de adoptaren determinadas medidas para eliminar a contaminación causada polos vertidos ó medio acuático das substancias perigosas incluídas no seu anexo I e para reduci-la producida polos vertidos que conteñan aquelas que figuran no seu anexo II.

A citada norma comunitaria esixe que se sometan a autorización administrativa os vertidos que poidan conter calquera das substancias incluídas nos seus anexos e establece, con carácter xeral, que as autorizacións de vertido que conteñan substancias do anexo I deberán fixar normas de emisión, que non poderán exceder dos valores límite establecidos nas directivas de desenvolvemento para cada unha das devanditas substancias.

En relación coas substancias incluídas no anexo II, os estados membros quedan obrigados a establecer uns programas para reduci-la contaminación —que terán que incluír uns obxectivos de calidade do medio receptor e que se establecerán respectando as directivas do Consello, se as houber— e a calcula-las normas de emisión que se inclúan nas autorizacións en función dos devanditos obxectivos de calidade.

A incorporación da directiva ó dereito interno lévase a efecto, para as augas continentais, mediante o artigo 254 do Regulamento de dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, que establece, no seu número 4, un réxime xurídico diferente para as autorizacións de vertido que conteñan substancias incluídas na relación I, que se corresponde co anexo I da directiva, ou na relación II, que reproduce o contido do anexo II da norma comunitaria.

Así, mentres que as autorizacións de vertido de substancias incluídas na relación I han de limitar rigorosamente a concentración destas, co fin de eliminar do medio receptor os seus efectos nocivos, as autorizacións de vertido que conteñan substancias da relación II deben suxeitarse ás previsións que, para reduci-la contaminación producida, conteñan os plans hidrolóxicos de cada bacía.

Consecuente co anterior, o Regulamento da Administración pública da auga e da planificación hidrolóxica, aprobado polo Real decreto 927/1988, do 29 de xullo, precisa no seu artigo 79 que os obxectivos de calidade que deban alcanzarse en cada tramo de río se definirán nos respectivos plans hidrolóxicos en función dos usos previstos para as augas e que aqueles deberán cumprir, polo menos, as condicións fixadas nas directivas comunitarias sobre calidade de augas destinadas a consumo humano, de baño, aptas para vida de peixes e aptas para vida de moluscos; pola súa banda, o artigo 80 sinala que os plans hidrolóxicos de bacía deberán establecer medidas para conseguirla adecuación da calidade das augas ós obxectivos de calidade e prever programas de actuación para elimina-la contaminación producida polas substancias incluídas nas relacións I e II.

Agora ben, con posterioridade á aprobación dos Regulamentos citados producíronse determinadas circunstancias que aconsellan modificar, en parte, o réxime das

autorizacións de vertido que conteñan algunha das substancias da relación II.

En primeiro lugar, se ben o Real decreto 1664/1998, do 24 de xullo, aprobou os plans hidrolóxicos de bacía, éstos unicamente fixaron obxectivos de calidade para os diferentes tramos de río en función dos usos ós que as augas se destinen; iso comporta que non se establecesen obxectivos de calidade para moitas das substancias incluídas na relación II, nin, consecuentemente, os programas de redución esixidos pola directiva comunitaria para as ditas substancias.

En segundo lugar, o novo artigo 92 da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, conforme a redacción dada pola Lei 46/1999, do 13 de decembro, precisa, no seu número 2, que as autorizacións de vertido terán como obxectivo conseguir un bo estado ecolóxico das augas, de acordo coas normas de calidade, os obxectivos ambientais e as características de emisión e inmisión establecidas regulamentariamente, e establece, no seu número 3, que, cando se outorgue unha autorización ou se modifiquen as súas condicións, poderán establecerse prazos e programas de redución da contaminación para a progresiva adecuación das características dos vertidos ós límites que nela se fixen.

Polo anterior, resulta necesario fixar obxectivos xerais de calidade para as substancias incluídas na relación II, que serán tomados en consideración na revisión, renovación ou outorgamento de autorizacións, nas que se incorporarán prazos e medidas para reduci-la contaminación causada polas devanditas substancias. Os programas de redución da contaminación que se inclúan nas novas autorizacións de vertido terán en conta os acordos voluntarios que se puidesen subscribir cos sectores implicados. Agora ben, os citados obxectivos xerais de calidade non serán de aplicación a aquelas substancias para as que os plans hidrolóxicos de bacía fixasen obxectivos de calidade por usos máis esixentes cós que neste real decreto se establecen.

Por último, tendo presente que este Real decreto unicamente inclúe no seu ámbito determinadas substancias do anexo II da Directiva 76/464/CEE, estimouse conveniente faculta-lo ministro de Medio Ambiente para amplía-la relación de substancias preferentes, así como para modifica-los obxectivos de calidade, os métodos de control e os métodos de referencia que figuran nos seus anexos en función dos resultados que se vaian obtendo e das novas análises que se realicen.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 2 de xuño de 2000,

DISPÓN O :

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto será de aplicación para os vertidos efectuados nas augas superficiais continentais que conteñan algunha das substancias preferentes incluídas no anexo 1.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, enténdese por:

1. Substancias preferentes: aquelas substancias da relación II do anexo ó título III do Regulamento de dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, que, en función da súa maior toxicidade, persistencia ou bioacumulación ou pola importancia da súa presenza nas augas superficiais, foron incluídas no anexo 1 deste real decreto.

2. Obxectivos de calidade: os requisitos e concentracións fixados para cada unha das substancias preferentes nas augas superficiais continentais.

Artigo 3. *Obxectivos de calidade, método de control e métodos de medida de referencia.*

1. Os obxectivos de calidade para as substancias preferentes son os que se especifican no anexo 1 deste real decreto.

2. Os métodos de medida de referencia e o método de control que deberán utilizarse para determina-la presenza de substancias preferentes son os que se establecen nos anexos 2 e 3.

Artigo 4. *Autorizacións de vertido.*

1. As autorizacións de vertido que conteñan substancias preferentes fixarán para cada unha delas valores límite de emisión, que se determinarán tomando en consideración os obxectivos de calidade establecidos.

2. Cando se outorgue unha nova autorización ou se modifiquen as condicións das xa existentes, establecerase, se é o caso, un programa de redución da contaminación, que incluírá as actuacións previstas e os prazos en que estas deberán executarse, para consegu-la progresiva adecuación das características dos vertidos ós límites que nas autorizacións ou nas súas modificacións se fixen, coa finalidade de acadar-los obxectivos de calidade establecidos. Na elaboración do citado programa tomaranse en consideración as singularidades hidrolóxicas que puidesen existir.

Artigo 5. *Réxime de excepcións.*

As autorizacións de vertido non tomarán en consideración os obxectivos de calidade establecidos no anexo I deste real decreto nos seguintes supostos:

a) En relación con aquela ou aquelas substancias preferentes para as que un determinado plan hidrolóxico de bacía fixase obxectivos de calidade, por usos, máis esixentes cós establecidos neste real decreto.

b) Cando se constate que existe un enriquecemento natural das augas polas citadas substancias que imposibilite o cumprimento dos obxectivos de calidade.

Artigo 6. *Limitación de efectos.*

As medidas que se adopten en virtude deste real decreto non poderán en ningún caso ter por efecto un aumento directo ou indirecto da contaminación das augas continentais, superficiais ou subterráneas, ou mariñas.

Disposición adicional única. *Comunicacións á Unión Europea.*

Os organismos de bacía e as administracións hidráulicas das comunidades autónomas remitiranlle á Dirección Xeral de Obras Hidráulicas e Calidade das Augas, para o seu envío á Comisión Europea, os datos necesarios para cumprilo establecido na Directiva 91/692/CE, do 23 de decembro, sobre normalización e racionalización dos informes relativos á aplicación de determinadas directivas referentes ó ambiente.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Regulamento de dominio público hidráulico.*

Engádese un último parágrafo ó número 4 do artigo 254 do Regulamento de dominio público hidráulico, coa seguinte redacción:

«Malia o anterior, cando os plans hidrolóxicos de bacía non fixasen obxectivos de calidade para determinadas substancias da relación II, as autorizacións de vertido limitarán as concentracións das devanditas substancias, co fin de reducir do medio receptor os seus efectos nocivos, segundo as normativas de vertidos e calidade que sucesivamente se dicten.»

Disposición derradeira segunda. *Fundamento constitucional.*

Este real decreto ten carácter de lexislación básica en materia de ambiente, consonte o establecido no artigo 149.1.23.^a da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Medio Ambiente para modificar ou ampliar a relación de substancias preferentes, os obxectivos de calidade, os métodos de control e os métodos de medida de referencia que figuran nos anexos deste real decreto.

Dado en Madrid o 2 de xuño de 2000.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Medio Ambiente,
JAIME MATAS I PALOU

ANEXO 1

Substancias preferentes e obxectivos de calidade

Substancia	Obxectivos de calidade en augas Valor medio anual (VMA) (1) (µg/L)
<i>Compostos orgánicos</i>	
Atrazina	1
Benceno	30
Clorobenceno	20
Diclorobenceno (Σ isómeros orto, meta e para) ..	20
Etilbenceno	30
Metolacoloro	1
Naftaleno	5
Simazina	1
Terbutilazina	1
Tolueno	50
Tributilestaño (Σ compuestos de butilestaño)	0,02

Substancia	Obxectivos de calidade en augas Valor medio anual (VMA) (1) (µg/L)	
1,1,1-Tricloroetano	100	
Xileno (Σ isómeros orto, meta e para)	30	
<i>Compostos inorgánicos</i>		
Cianuros totais	40	
Fluoruros	1.700	
<i>Metais e metaloides</i>		
Arsénico total	50	
Cobre disolto	(3) Dureza da auga (mg/L CaCO ₃) CaCO ₃ ≤ 10 10 < CaCO ₃ ≤ 50 50 < CaCO ₃ ≤ 100 CaCO ₃ > 100	VMA 5 22 40 120
Cromo total disolto	50 (2)	
Níquel disolto	(3) Dureza da auga (mg/L CaCO ₃) CaCO ₃ ≤ 50 50 < CaCO ₃ ≤ 100 100 < CaCO ₃ ≤ 200 CaCO ₃ > 200	VMA 50 100 150 200
Plomo disolto	50	
Selenio disolto	1	
Zinc total	(3) Dureza da auga (mg/L CaCO ₃) CaCO ₃ ≤ 10 10 < CaCO ₃ ≤ 50 50 < CaCO ₃ ≤ 100 CaCO ₃ > 100	VMA 30 200 300 500

(1) O 90 por 100 das mostras recollidas durante un ano non excederán os valores medios anuais establecidos, salvo nos casos dos parámetros tributilestaño (sumatorio de compostos de butilestaño), cianuros totais e metais e metaloides onde o 100 por 100 das mostras recollidas nun período anual non excederán os valores medios anuais establecidos.

En ningún caso os valores encontrados poderán superar en máis do 50 por 100 a contía do valor medio anual.

(2) 5 µg/L como cromo VI.

(3) A determinación da dureza da auga realizarase mediante complexometría con EDTA.

ANEXO 2

Métodos de medida de referencia

Parámetros	Técnicas instrumentais (1)	Límite de detección (Porcentaxe do valor paramétrico) (2)	Precisión (Porcentaxe do valor paramétrico) (3)	Exactitude (Porcentaxe do valor paramétrico) (4)
<i>Compostos orgánicos</i>				
Atrazina.	Cromatografía de gases con detector cromatográfico específico ou detector de espectrometría de masas. Cromatografía de líquidos de alta resolución (HPLC).	10	25	25

Parámetros	Técnicas instrumentais (1)	Límite de detección (Porcentaxe do valor paramétrico) (2)	Precisión (Porcentaxe do valor paramétrico) (3)	Exactitude (Porcentaxe do valor paramétrico) (4)
Benceno.	Cromatografía de gases con detector cromatográfico específico ou detector de espectrometría de masas. Sistema de inxección específico para substancias volátiles.	10	25	25
Clorobenceno.	Cromatografía de gases con detector cromatográfico específico ou detector de espectrometría de masas. Sistema de inxección específico para substancias volátiles.	10	25	25
Diclorobenceno (Σ isómeros orto, meta e para).	Cromatografía de gases con detector cromatográfico específico ou detector de espectrometría de masas. Sistema de inxección específico para substancias volátiles.	10	25	25
Etilbenceno.	Cromatografía de gases con detector cromatográfico específico ou detector de espectrometría de masas. Sistema de inxección específico para substancias volátiles.	10	25	25
Metolacoloro.	Cromatografía de gases con detector cromatográfico específico ou detector de espectrometría de masas. Cromatografía de líquidos de alta resolución (HPLC).	10	25	25
Naftaleno.	Cromatografía de gases con detector cromatográfico específico ou detector de espectrometría de masas. Sistema de inxección específico para substancias volátiles.	10	25	25
Simazina.	Cromatografía de gases con detector cromatográfico específico ou detector de espectrometría de masas. Cromatografía de líquidos de alta resolución (HPLC).	10	25	25
Terbutilazina.	Cromatografía de gases con detector cromatográfico específico ou detector de espectrometría de masas. Cromatografía de líquidos de alta resolución (HPLC).	10	25	25
Tolueno.	Cromatografía de gases con detector cromatográfico específico ou detector de espectrometría de masas. Sistema de inxección específico para substancias volátiles.	10	25	25
Tributilestaño (Σ compostos de butilestaño).	Cromatografía de gases con detector de espectrometría de masas logo de derivatización. Cromatografía de gases con detector de emisión atómica GC-AED.	10	25	25
1,1,1-Tricloroetano.	Cromatografía de gases con detector cromatográfico específico ou detector de espectrometría de masas. Sistema de inxección específico para substancias volátiles.	10	25	25
Xileno (Σ isómeros orto, meta, para).	Cromatografía de gases con detector cromatográfico específico ou detector de espectrometría de masas. Sistema de inxección específico para substancias volátiles.	10	25	25
<i>Compostos inorgánicos</i>				
Cianuros totais.	Destilación e espectrofotometría de absorción molecular.	10	10	10
Fluoruros.	Electrodo selectivo ou espectrofotometría de absorción molecular.	10	10	10
<i>Metais e metaloides</i>				
Arsénico total.	Espectrofotometría de emisión por plasma-ICP ou absorción atómica.	10	10	10
Cobre disolto.	Espectrofotometría de emisión por plasma-ICP ou absorción atómica (logo de filtración).	10	10	10
Cromo total disolto.	Espectrofotometría de emisión por plasma-ICP ou absorción atómica (logo de filtración).	10	10	10

Parámetros	Técnicas instrumentais (1)	Límite de detección (Porcentaxe do valor paramétrico) (2)	Precisión (Porcentaxe do valor paramétrico) (3)	Exactitude (Porcentaxe do valor paramétrico) (4)
Níquel disolto.	Espectrofotometría de emisión por plasma-ICP ou absorción atómica (logo de filtración).	10	10	10
Chumbo disolto.	Espectrofotometría de emisión por plasma-ICP ou absorción atómica (logo de filtración).	10	10	10
Selenio disolto.	Espectrofotometría de emisión por plasma-ICP ou absorción atómica (logo de filtración).	10	10	10
Zinc total.	Espectrofotometría de emisión por plasma-ICP ou absorción atómica.	10	10	10

(1) Poderán utilizarse técnicas instrumentais alternativas ás indicadas sempre que os límites de detección, a precisión e a exactitude sexan, como mínimo, os que figuran na táboa e non teñan descritas interferencias non corrixibles de substancias que poidan encontrarse no medio simultaneamente co parámetro analizado.

(2) Enténdese por límite de detección o triplo da desviación típica relativa dentro do lote dunha mostra natural que conteña unha baixa concentración do parámetro, ou ben o quintuplo da desviación típica relativa dentro do lote dunha mostra en branco.

(3) Enténdese por precisión o erro aleatorio e exprésase habitualmente como a desviación típica (dentro de cada lote e entre lotes) da dispersión de resultados arredor da media. Considérase unha precisión aceptable o dobre da desviación típica relativa.

(4) Enténdese por exactitude o erro sistemático e representa a diferenza entre o valor medio dun gran número de medicións reiteradas e o valor exacto.

ANEXO 3

Método de control

Sen prexuízo do establecido na lexislación vixente, o control das substancias preferentes realizarase tomando en consideración o seguinte:

1. As mostras deberán ser representativas da calidade do medio acuático nos tramos afectados por vertidos que conteñan as devanditas substancias.

2. A frecuencia mínima da determinación das concentracións na auga será mensual. Agora ben, naquelas zonas onde, no prazo dun ano, a media aritmética dos resultados obtidos para unha substancia sexa significativamente inferior ó obxecto de calidade aplicable, a citada frecuencia será trimestral.

3. Malia o establecido no punto anterior, o control dos biocidas realizarase durante os períodos de aplicación e naqueles de maior vulnerabilidade do medio acuático.

4. As determinacións analíticas en sedimentos e organismos acuáticos efectuaranse, como mínimo, unha vez ó ano, facendo, así mesmo, coincidir este control co período de maior vulnerabilidade do medio acuático.

a Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas, autoriza o Goberno para que no prazo de seis meses a partir da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» elabore un texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, incluíndo a facultade de regularizar, aclarar e harmonizar os textos legais, ó que se incorporen as modificacións que no texto da Lei de contratos das administracións públicas se introducen pola propia Lei 53/1999, antes citada e pola disposición adicional primeira da Lei 9/1996, do 15 de xaneiro, pola que se adoptan medidas extraordinarias, excepcionais e urxentes en materia de abastecementos hidráulicos como consecuencia da persistencia da seca; polo artigo 2 da Lei 11/1996, do 27 de decembro, de medidas de disciplina orzamentaria; polos artigos 72, 148 e 149 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social; polo artigo 77 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social; polo artigo 56 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e polo artigo 30 da Lei 46/1998, do 17 de decembro, sobre introducción do euro.

Por outra parte, a Decisión da Comisión Europea (1999/C 379/08), publicada no «Diario oficial das Comunidades Europeas», número C 379, do 31 de decembro, e reflectida na Orde do ministro de Facenda do 10 de febreiro de 2000, impón novas alteracións no texto da Lei de contratos das administracións públicas ó ter que ser substituídas, a partir do 1 de xaneiro de 2000, as cifras que figuran nela, para aplicación das directivas comunitarias e do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio, polas cifras que en euros, dereitos especiais de xiro e pesetas se incorporan ás disposicións indicadas. Ademais, o artigo 30 da Lei 46/1998, do 17 de decembro, sobre introducción do euro, establece que, desde o 1 de xaneiro de 1999 ata o 31 de decembro do ano 2001, os importes

MINISTERIO DE FACENDA

11533 *REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.* («BOE» 148, do 21-6-2000.)

A disposición derradeira única, número 2, da Lei 53/1999, do 28 de decembro, pola que se modifica